

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 36/2021

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Contratacións.

Interesado: _____

Data de iniciación: 14/01/2021

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes así como da memoria xustificativa do contrato asinada por Alcaldía o 14 de xaneiro de 2021:

- A Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra en sesión ordinaria do día 2 de agosto de 2019 adoptou un acordo polo que se concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro das bases reguladoras para a “concesión de subvencións para a consolidación do plan Revitaliza (Liña 2)” por importe de 202.856,50 €, destinada a adquisición de materiais necesarios para completar as necesidades que foron xurdindo a medida que se foi implantando o Plan Revitaliza, e que non se solicitaron na subvención anterior por ser un novo modelo do que aínda non hai un coñecemento detallado, e que supoñen o financiamento do 90 % do importe total do investimento, sendo esta cantidade subvencionable de 182.570,85 € e unha achega por parte do concello de Mondariz de 20.285,65 €.
- Decreto de Alcaldía de 14 de xaneiro de 2021 polo que se aproba o proxecto técnico denominado “Punto Verde Central” para o Concello de Mondariz.
- Acta de replanteo previo das obras asinado polo redactor do proxecto técnico.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato: CONTRATO DE OBRA	
Obxecto do contrato: O obxecto do presente contrato é a obra de CONSTRUCCIÓN DE PUNTO VERDE CENTRAL PARA O CONCELLO DE MONDARIZ	
Procedemento de contratación: ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO (159.6 LCSP)	Tipo de Tramitación: ORDINARIA
Códigos CPV: 45000000 - Traballos de construción	
Valor estimado total do contrato: 63.895,43 €	IVE%: 13.418,04 €
Orzamento base de licitación total IVE excluído: 63.895,43 €	
Orzamento base de licitación total IVE incluído: 77.313,47 €	
Prazo de execución das obras: o adxudicatario deberá ter executada a obra correspondente antes do día 31/03/2021.	

Visto informe de Intervención asinado o 15 de xaneiro respecto do órgano competente para levar a cabo a contratación obxecto deste expediente.

Visto informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable así como o procedemento a seguir respecto da presente contratación asinado en data 15 de xaneiro de 2021.

Respecto da división en lotes do obxecto do contrato se xustifica a non división por existir motivos válidos recollidos no art. 99.3 e 116.4 g) LCSP, en concreto, o feito de que, de acordo co sinalado polo redactor do proxecto en informe de data 11 de xaneiro, *a non división en lotes xustifícase “por tratarse dunha obra para a construción dun edificio de escasa entidade construtiva, para a correcta execución do contrato ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións”*

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría de 15 de xaneiro, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento



C/ Merouces, 16, Mondariz, 36870 Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
info@concellodemondariz.com



Cod. Validación: S3WQGT4N3EE2NPWFH3JZV7SJJZ | Corrección: <https://mondariz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

Concello de Mondariz

xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Iniciar o expediente para a contratación das obras de “CONSTRUCCIÓN DE PUNTO VERDE CENTRAL PARA O CONCELLO DE MONDARIZ ” mediante procedemento aberto simplificado abreviado.

SEGUNDO. Aprobar a memoria xustificativa asinada polo órgano de contratación o 14 de xaneiro de 2021 e proceder á súa publicación no perfil do contratante en aplicación do artigo 63.3 da Ley 9/2017 e xustificar como motivos para a celebración do contrato: “*Coa construción do punto verde central formado por un almacén e unha aula ao aire libre se pretende o almacenaxe de fracción verde así como dar a coñecer as vantaxes da compostaxe*”, quedando acreditado que a contratación proxectada mediante un contrato de obras é a forma máis idónea e eficiente de levar a cabo os fins do Concello.

TERCEIRO. Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares servindo como prego de prescricións técnicas o proxecto aprobado por Decreto nº 15 de 14 de xaneiro de 2021 así como os seus anexos, que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

CUARTO. Que, pola Intervención municipal, fágase a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO. De ser favorable a fiscalización previa, que se emita Informe-Proposta de Secretaría respecto diso.

SEXTO. Dar conta de todo o actuado a esta Alcaldía para resolver o que proceda.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



C/ Merouces, 16, Mondariz, 36870 Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
info@concellodemondariz.com



Cod. Validación: S3WQGT4N3EE2NPWFH3JZ7S7SJZ | Corrección: <https://mondariz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2